

1. INTRODUCCIÓN

Concreción Curricular do CEIP “Párroco don Camilo” Estrada Matamá-Pazo, 104 (Vigo-36213) E-mail: ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.gal Web: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipparrocodoncamilo/		
Elaborado polo Equipo Directivo e CCP	Revisada polo Equipo Directivo	Aprobada polo Claustro de Mestres
Data: Curso escolar 2022-23	Data: Curso escolar 2023-24	Data:

2. A ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO

EDUCACIÓN INFANTIL

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
 - Identificar as partes do corpo en si mesmos e nos iguais.
 - Adquirir confianza nas capacidades propias.
 - Respectar e valorar as diferenzas entre as persoas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
 - Identificar os cambios que ocorren na nosa contorna.
 - Respectar, observar e explorar de forma activa a súa contorna.
 - Explorar e manipular elementos do medio natural.
 - Fomentar a participación familia-escola mediante actividades.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
 - Progresar na adquisición de hábitos de hixiene, alimentación, seguridade e orde de maneira autónoma.
 - Recoñecer e coidar as súas pertenzas.
 - Progresar na adquisición de hábitos de orde e constancia.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
 - Identificar e expresar as propias emocións.
 - Progresar na xestión dos sentimentos e emocións propias.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
 - Adquirir progresivamente pautas adecuadas de comportamento da nosa sociedade.
 - Relacionarse cos demais cada vez de forma mais equilibrada e satisfactoria.
 - Progresar na resolución pacífica de conflitos.
 - Aceptar as pequenas frustracións e ser quen de solicitar axuda cando se precisa.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
 - Empregar as diferentes linguaxes para comunicar, expresar ideas e sentimentos.
 - Gozar coas diferentes actividades artísticas (plástica, música, científica...)
 - Promover a exposición oral das nosas opinións, sentimentos, traballos.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e na escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
 - Utilizar os conceptos básicos matemáticos para aplicarlos na vida diaria (número, medida, formas xeométricas...)
 - Explorar e manipular elementos e materiais para descubrir propiedades e extraer conclusións.
 - Participar en proxectos e investigacións chegando a distintas conclusións.

- Explorar as posibilidades expresiva da linguaxe escrita empregando diferentes materiais.
 - Adquirir o gusto por facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información.
 - Descubrir as posibilidades rítmicas, comunicativas e expresivas do propio corpo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- Promover a igualdade de oportunidades e respecto mutuo.
 - Empregar un vocabulario inclusivo.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas valorando a súa riqueza.
 - Participar e recoñecer as festas populares que se celebran no seu contorno.
 - Achegarse ao coñecemento de persoas relevantes da historia da súa comunidade.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º CICLO

1. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
2. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
3. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
4. Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
5. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galegas.

2º CICLO

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
3. Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
4. Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
5. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
6. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galegas.

3º CICLO

1. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
2. Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
3. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
4. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
5. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
6. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

EDUCACIÓN INFANTIL

A etapa de educación infantil supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave. Estas non se asocian directamente a ningún área, senón que se traballan de xeito globalizado e transversal, a través das pequenas achegas e na adquisición de distintos coñecementos, habilidades e actitudes.

Polo tanto, as competencias clave deben promover o desenvolvemento de capacidades máis que a asimilación de contidos, axudar aos nenos/as a resolver situacións e problemas, ter un carácter dinámico, garantir a calidade e a equidade da educación e contribuír ao desenvolvemento integral.

Na educación infantil imos contribuír ao desenvolvemento das competencias da seguinte maneira:

CCL - Competencia en comunicación lingüística:

Fomentando a participación en conversas, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, a escribir e a conversar (assemblea, momento do conto ou recanto de biblioteca, xogos coa linguaxe, conversacións espontáneas no momento de xogo libre do alumnado, apadriñamentos lectores, mochilas viaxeiras, préstamo de libros...)

De modo que usaremos a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conducta.

CP- Competencia plurilingüe:

Iniciando o contacto con outras linguas e culturas diferentes da materna, fomentando actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística a través de contos, cancións, xogos...

STEM- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería:

Empregando os elementos de razoamento matemáticos para enfrontarse a situacións cotiás e reais que o precisen, iniciando ao alumnado no pensamento científico potenciando habilidades de investigación (observar, facerse preguntas, hipóteses, manipular), propoñendo situacións nas que sexa preciso resolver problemas reais, facendo

uso de recursos tecnolóxicos e propostas de construción e creación. Por exemplo; resolución de problemas sinxelos, experimentos científicos, búsqueda de información sobre o proxecto, construción con diversos xogos e elementos, xogos e propostas de clasificar, cuantificar, comparar, medir, manipulación e investigación con diversos materiais.

CD- Competencia dixital:

Accedendo á información a través de medios dixitais coa axuda do mestre para facer algunhas investigacións e empregando ferramentas tecnolóxicas.

CPSAA- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Axudando ao alumnado a que, pouco a pouco, vaia recoñecendo, expresando e xestionando as emocións e sentimentos no día a día da escola. Para iso aproveítanse aquelas situacións nas que xurde o enfado, a tristeza, a alegría, a rabia..., e tratamos de poñerlle nome, dar apoio ao alumnado para expresar como se senten e ferramentas para xestionar.

Facendo xogos ou actividades que lles permitan poñerse en diferentes situacións e imaxinar como se sentirían, para iniciarse na empatía.

Permitindo ao alumnado facer as rutinas cotiás por un mesmo, elixir, dándolle responsabilidades, facendo votacións...

CC- Competencia cidadá.

Traballando as habilidades sociais que permiten ao alumnado coñecer o seu medio social, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática. Tratando de elaborar conxuntamente as normas da aula, comunicándose cos demais, na resolución de conflitos na aula e no patio, coa modelaxe positiva de adultos baseada en actitudes e valores (respeito polos animais, o medio natural, as demais persoas...)

Igualmente, implica a valoración das diferenzas á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos.

CE- Competencia emprendedora.

Permitindo ao alumnado emprender accións, estimulando a súa curiosidade, imaxinando e fomentando a súa creatividade.

CCEC- Competencia en conciencia e expresións culturais.

Abrindo as portas da aula a diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdonos nun espazo no que se goce coa arte, se potencie a expresión artística, a valoración e o respecto cara a diversidade de creación.

Axudando ao alumnado a desenvolver o sentido de pertenza á nosa sociedade coas manifestacións culturais; traballando diferentes conmemoracións, festas da nosa cultura, personaxes relevantes da mesma, coas saídas á contorna...

EDUCACIÓN PRIMARIA

As competencias clave da etapa de E. Primaria, son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).

g) Competencia emprendedora (CE).

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

En 1º ciclo priorizarán: CCL2, CCL4, CP1, STEM1, STEM5, CD1, CPSAA1, CC3, CC4, CE3, CCEC1, CCEC3.

En 2º ciclo priorizarán: CCL1, CCL3, CCL4, CP3, STEM2, STEM5, CD2, CD3, CPSAA2, CPSAA3, CC2, CC3, CE1, CE2, CCEC4.

En 3º ciclo priorizarán: CCL4, CCL5, CP2, STEM3, STEM4, STEM5, CD4, CD5, CPSAA4, CPSAA5, CC1, CC3, CE3, CCEC2.

4.OS CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

EDUCACIÓN PRIMARIA

Na aula de E. Primaria deseñaranse tarefas ou actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real implicando así contidos e destrezas de distintas áreas de coñecemento que permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Na avaliación inicial se detectarán os diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe do grupo co obxectivo de atender a diversidade de todo o alumnado coas medidas ordinaria que se consideren oportunas.

4.1.Criterios metodolóxicos xerais

- Establecemos agrupamentos por idades, segundo as ratios marcadas pola normativa vixente.
- Tratamos de atender as dificultades que poideran presentarse na consecución dos obxectivos a través de reforzos educativos ou, en casos excepcionais, de adaptacións curriculares dentro da aula, coa participación do mestre de apoio se é necesario.
- As aprendizaxes fanse co apoio dos libros de texto e proxectos de traballo, que estarán vinculados aos intereses de nenos e nenas.
- Tanto o profesorado como o alumnado, terán unha actitude activa que permita aprendizaxes significativos, é dicir, partindo do que coñece constrúe aprendizaxes novas coa axuda do mestre.
- Tentaremos facer consciente ao alumnado do que aprende, clarificando os obxectivos que queremos acadar. É dicir, que comprendan o que aprenden e para que lles sirve.
- Daremos especial interese ao traballo en equipo, colaboración nos grupos, respecto aos roles dentro do grupo, respecto entre compañeiros e correcta convivencia.

Os principios básicos son:

- Unha metodoloxía activa, participativa e flexible.
- Estimularase o desenrolo de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das áreas.
- Darase prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte a súa aprendizaxe mecánica.
- Fomentaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de xeito que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Promoverase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao aprendido, de xeito que o alumno poida analizar seu progreso respecto aos coñecementos.

-Emprégase unha metodoloxía activa para integrar aos alumnos na dinámica xeral da aula e no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

-Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma, sexan responsables, tolerantes, sociables e aprendan a vivir en sociedade.

Currículo integrado das linguas

Recollido no Proxecto Lingüístico. Favorecerase unha aprendizaxe competencial das linguas, cun equilibrio entre a lingua galega, castelá e inglés, tal e como marca a normativa vixente. Desenvolveranse todas as destrezas e habilidades lingüísticas, evitando a repetición de tarefas e contidos en diferentes linguas e contribuído a un desenvolvemento comunicativo plurilingüe.

-En Educación Infantil: Usarase a lingua materna predominante entre o alumnado, que neste caso é o castelán. Introdúcese progresivamente o uso do galego, de forma oral ao principio e despois de forma escrita ata chegar a unha igualdade entre as dúas linguas. Os apoios realizaranse, na medida do posible na lingua en que se imparta a sesión tendo en conta o benestar do alumnado. Nos momentos en que se atopen dous profesores na mesma aula, prevalecerá a lingua na que debe ser impartida esa sesión.

-En Educación Primaria: Impartíranse en galego as áreas de educación física, lingua galega, ciencias sociais e ciencias naturais. Contamos con 1 seccións bilingües, en 6º de Primaria e somos CEIP Plurilingüe no resto dos cursos de Primaria. Ambolos dous casos, se imparte a Plástica en inglés. O resto das materias impartiranse en castelán.

Proxecto interdisciplinar (PDI)

Farase cada curso un PDI en común para todas as etapas, cun tema común. A organización do mesmo partirá dende o proxecto do PLAMBE. Colaborarán no traballo todas as titoras e quedará aberto as especialidades.

Hora de lectura

- Apertura da biblioteca escolar para lectura, estudo, consulta de información e para empréstito de libros aos alumnos e alumnas, en horario escolar.

- Desenvolvemento de proxectos lectores nas aulas, co fomento e a práctica da lectura diaria. Farase un tempo de lectura diaria obrigatoria de 12:15 a 12:30 horas. Será libre, con temáticas variadas, adaptadas a idade e gustos do alumnado. Cando o mestre o considere convinte poderá facer lecturas compartidas ou guiadas dun mesmo libro que estén traballando na aula. Os soportes e formatos serán variados, facilitando a través da biblioteca escolar o préstamo.

Poderá empregarse o tempo de ler para celebración de diferentes actividades ou tarefas de xeito transversal, así como para a introducción e fomento de outros elementos transversais. Estes sempre relacionados coas actividades e hábito lector.

Práctica de oratoria

Traballarase nas diferentes materias a través de exposicións nas aulas, contacontos, actividades colaborativas entre diferentes cursos...

4.2. Incorporación dos elementos transversais

En E. Infantil

Os elementos transversais traballaranse en tódalas áreas de educación infantil de xeito globalizado e ao longo de toda a xornada escolar e son:

- O fomento da expresión oral.
- A aproximación á lectura e a escritura.
- A aproximación as tecnoloxías da información e a comunicación.
- A aproximación á educación en valores persoais e sociais. Neste apartado recóllense como elementos a traballar o coñecemento de si mesmo (autocoñecemento), a autonomía, a autoestima, a xestión emocional e solución de conflitos, pautas elementais de convivencia e habilidades sociais, comunicación e escoita,

pensamento positivo, motivación da propia conduta, responsabilidade, solidariedade, compromiso social e coidado do medio, hábitos saudables(alimentación, hixiene, prevención de accidentes), a igualdade e a aceptación da diversidade.

Así, estes elementos transversais estarán presentes no día a día, e para conseguir que o alumnado os interiorice e sexa capaz de facelos operativos na súa conduta, extrapolándoos a calquera situación que se lle presente, é necesario seguir unha serie de estratexias e ter moi claro que os adultos deben ser modelos correctos, xa que aprenden por imitación.

Para abordar estes temas axudarémonos de:

- Contos.
- As rutinas cotiás.
- Conmemoracións especiais (Día da Paz, Día Mundial da Saúde...)
- Obradoiros.
- Desenvolvemento de diferentes proxectos.
- Actividades de sentir e pensar.
- Actividades para a resolución de problemas.
- Actividades de expresión corporal.

En E. Primaria

- a) Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballarase en todas as áreas.
- b) De igual modo, desde todas as áreas, promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- c) Así mesmo, prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.
- d) Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
- e) Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
- f) A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

5.OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA

-Establecemos agrupamentos por idades, segundo as ratios marcadas pola normativa vixente.

-Tratamos de atender as dificultades que poideran presentarse na consecución dos obxectivos a través de reforzos educativos ou, en casos excepcionais, de adaptacións curriculares dentro da aula, coa participación do mestre de apoio se é necesario.

- As aprendizaxes fanse co apoio dos libros de texto e proxectos de traballo, que estarán vinculados aos intereses de nenos e nenas.
- Tanto o profesorado como o alumnado, terán unha actitude activa que permita aprendizaxes significativas, é dicir, partindo do que coñece constrúe aprendizaxes novas coa axuda do mestre.
- Tentaremos facer consciente ao alumnado do que aprende, clarificando os obxectivos que queremos acadar. É dicir, que comprendan o que aprenden e para que lles sirve.
- Daremos especial interese ao traballo en equipo, colaboración nos grupos, respecto aos roles dentro do grupo, respecto entre compañeiros e correcta convivencia.
- Tempo dos deberes: Os deberes, non son obrigatorios en 1º ciclo, co cal, poderá levar algunha pequena tarefa que non exceda de media hora. Esta nunca poderá ser obligatoria. En segundo ciclo, non excederán as tarefas de 1 hora. En terceiro ciclo, non excederá de 1 hora e media diaria. Teranse en cota as características dos alumnos de NEAE.
- O obxectivo das tarefas para realizar na casa e crear un hábito de estudo, reforzar o proceso lecto-escritor e as aprendizaxes diarias.

Os principios básicos son:

- Unha metodoloxía activa, participativa e flexible.
- Estimularase o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das áreas.
- Darase prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte a súa aprendizaxe mecánica.
- Fomentaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de xeito que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Promoverase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao aprendido, de xeito que o alumno poida analizar seu progreso respecto aos coñecementos.
- Emprégase unha metodoloxía activa para integrar aos alumnos na dinámica xeral da aula e no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma, sexan responsables, tolerantes, sociables e aprendan a vivir en sociedade.

EN EDUCACIÓN INFANTIL

Na educación Infantil debemos ofrecer ao alumnado experiencias que faciliten o desenvolvemento das súas capacidades, competencias e aprendizaxes, que lles permitan un desenvolvemento integral e harmónico.

Os principios metodolóxicos que enmarcan o noso proxecto son:

- Globalización das aprendizaxes.
- O xogo e a experiencia como motores da actividade.
- Significatividade.

Estes principios concrétanse nas nosas programacións didácticas da seguinte forma:

- Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado nos seus distintos aspectos para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren este nivel de desenvolvemento.
- Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das áreas.
- Dáse prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.

- Deséñanse situacións nas que poñer en práctica os novos coñecementos, de xeito que os nenos poidan comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, para poder analizar o propio progreso nos distintos coñecementos.

A finalidade derradeira é que os nenos e nenas sexan quen de aprender de forma autónoma.

Outras orientacións pedagóxicas que temos en conta son:

- A importancia das relacións coas familias. É necesaria unha boa comunicación e coordinación con elas, xa que a eficacia da educación infantil depende, en gran medida, da unidade de criterios educativos na casa e na escola. O equipo de infantil empregará o abalar para informar da avaliación de cada trimestre ás familias, agás que por circunstancias destas sexa preciso imprimir a información.
- A apertura ao contorno, xa que non concibimos a educación de maneira illada, senón enmarcada dentro da relación entre o equipo docente, a familia e o contorno máis próximo. Así, planificaranse tanto saídas, procurando sacar o maior proveito pedagóxico, como visitas de membros da comunidade educativa. Axudando así a abrir as portas da aula á vida.
- Diferentes tipos de agrupamentos, que permitirán dar resposta á diversidade. Empregando así; gran grupo, pequeno grupo, parellas e traballo individual para realizar as diferentes propostas e actividades. Igualmente, tamén se levaran a cabo actividades interniveis, aproveitando os beneficios que estas aportan ao alumnado como: a axuda entre iguais (axudar e ser axudado), o coidado uns doutros, a aprendizaxe compartida, e descubrir que todos somos importantes, independentemente da idade ou características persoais.

Por outra banda, no noso centro teremos en conta que a organización dos horarios da mestra de apoio levarase a cabo na reunión de ciclo de principio de curso. O reparto destes apoios non ten que ser equitativo para cada curso, se non que se terán en conta as necesidades de cada aula. Igualmente, poden cambiarse ao longo do curso si se considera preciso.

En canto ao **ensino da lingua estranxeira (inglés)**, planificaranse os horarios para que haxa dúas sesións semanais de 30 minutos cada unha, tendo en conta que as mellores sesións para isto son as de despois do recreo.

ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL

A chegada por primeira vez dos nenos e nenas á escola supón un cambio importante na súa vida, implica a saída dun mundo coñecido, dun espazo seguro e protexido a outro descoñecido.

É importante coñecer estas circunstancias para entender a maneira de reaccionar e de comportarse de cada nena ou neno. Este xeito de reaccionar é diferente en cada caso xa que a madurez e as experiencias varían dunha criatura á outra.

O período de adaptación supón, pois, unha serie de fases sucesivas polas que a criatura chega a afacerse a un novo ambiente, ao medio escolar. É o intervalo temporal necesario para asimilar os cambios producidos e incorporarse á escola.

No proceso de adaptación están implicados as nenas e nenos, as familias e os docentes da escola.

Os obxectivos que se pretenden co período de adaptación están centrados no benestar emocional e a transición exitosa ao entorno escolar, estes son:

- Favorecer a transición dende a familia ou dende a escola infantil de primeiro ciclo a nova situación de ensinanza-aprendizaxe.

- Diminuír a angustia, o medo e a ansiedade que lle poida provocar a entrada á escola e favorecer a sensación de seguridade.
- Axudar a que o neno/a descubra o gozo de relacionarse cos iguais nun ambiente estimulante.
- Conseguir que a adaptación do alumnado á escola sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.
- Establecer unha relación de confianza e seguridade entre o alumnado, as familias e o profesorado.

A planificación do período de adaptación contemplará o desenvolvemento dos seguintes aspectos:

- Participación e colaboración das familias neste período, é importante que confíen e estean informadas.
- Flexibilización do almanaque e horario dos nenos e nenas que se incorporan por primeira vez ao centro.
- Actividades encamiñadas á mellor adaptación do alumnado. Serán lúdicas, de movemento, cancións, contos... Adaptándose as súas necesidades, características e intereses.
- Flexibilización no tipo de agrupamento.
- O profesorado creará un ambiente cálido e acoledor que ofrezca seguridade a fin de que o alumnado se sinta en confianza. Prestará atención a todas as mensaxes do alumnado, e deben dar referentes claros de afectividade para que os nenos/as se sintan seguros, queridos e aceptados.

Proceso para a realización do período de adaptación:

- 1) Xuntanzas de información ás familias: no mes de xuño organizarase unha xuntanza xeral coas familias do alumnado de novo ingreso co fin de facilitar un primeiro achegamento á realidade do noso centro e acadar os datos necesarios para a inclusión do alumnado nun determinado grupo (horarios de madrugadores, comedor, autobús, normas do centro, entrega de documentación...).
- 2) Entrevistas individuais por parte das titoras.
- 3) Proceso de incorporación do alumnado: Para a posta en marcha do período de adaptación acataremos as indicacións da Orde do calendario escolar de cada curso concreto. Coa lei actual o período de adaptación é voluntario, sen embargo, dado a importancia que este ten para o benestar do alumnado, como profesionais, recomendamos participar no mesmo.

A organización da incorporación dos nenos/as á escola dependerá do titor/a e das características e particularidades do grupo.

Os tempos de permanencia na escola serán progresivos. Comezarán sendo máis curtos e iranse ampliando pouco a pouco ata chegar ao horario completo para todo o alumnado, que será como máximo na data que estableza o calendario escolar.

Nas xuntanzas coas familias e fundamental explicarlles que é o período de adaptación, que pode sentir o seu fillo/a e como podemos axudarlle para superalo. Para iso farémolle as seguintes recomendacións para axudar a preparar aos nenos/as para a chegada á escola:

- Mostrar seguridade e tranquilidade: hai que ser conscientes de como dicimos as cousas, pois cantan antes a emoción que a mensaxe que lle queremos transmitir. É importante transmitirles que confiamos e temos confianza na escola.
- Crear actitudes positivas respecto á escola infantil: falarlle as crianzas con antelación de que van a ir á escola. Contarlles que alí farán actividades, que haberá outros nenos/as coas que poderán xogar, que materiais e xoguetes poderán atopar...
- Intercambiar coa mestra toda información que facilite un maior coñecemento dos nenos e nenas. Acudir ás reunións e entrevistas.
- Conversar moito, dar importancia as actividades cotiás que lles contes os fillos, lerlles contos...

- Falarlles adecuadamente, non empregar unha linguaxe infantilizada.
- Axudar aos nenos/as a adquirir hábitos de autonomía en relación á hixiene, control de esfínteres.
- Crear unha rutina de horario.

EN EDUCACIÓN PRIMARIA

"Na etapa de educación primaria, respectamos a idea de que o coñecemento se constrúe mediante a práctica. Por este motivo, apostamos por metodoloxías globalizadoras que contribúen a interrelacionar os diferentes tipos de coñecementos, capacidades ou destrezas e actitudes dentro da área e entre as diferentes áreas.

Concíbese a aprendizaxe partindo dos coñecementos previos do alumnado. Dende este punto, as mestras e os mestres presentan nova información dunha determinada maneira que fai que o alumnado deba reorganizar o seu coñecemento e poñelo en práctica. O ambiente invita ao alumnado a investigar, aprender, construír... O seu papel non se limita a reproducir, pois han de tomar decisións, participar de formar activa e responsabilizarse da súa aprendizaxe.

Encaixamos as tarefas e actividades do centro dentro dun PDI que permite o traballo interdisciplinar e internivel."

6.OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libros de texto

Se elixiran polos mestres do centro, sempre respectando datas e criterios da normativa vixente.

En Educación Infantil: Traballárase por proxectos e apoiárase con algún caderno (a decisión da titora ou titor). O material mercárase en común.

En Educación Primaria: Contaremos con algúns libros de texto, pero evitaremos os que non se consideren necesarios (relixión, plástica-arts, proxecto competencial).

As listas de libros estarán aprobadas en claustro e enviadas á Inspección Educativa en tempo e forma.

Forma de colaboración dos titores na xestión do programa de gratuidade de libros de texto: Ven especificada no NOF (pax. 44)

Recursos didácticos xerais

- 1) Ao estar todo o material centralizado nas aulas, os coordinadores, mestres e especialistas comunicarán na secretaría do centro das carencias de material inventariable, ou da falla de unidades dun material concreto, para que unha vez feitas as partidas presupostarias se merquen.
- 2) Material que figure nos catálogos da Consellería se solicitará dentro dos prazos impostos pola mesma e non entrará dentro da dotación presupostaria do centro.
- 3) As partidas presupostarias para mercar material intentarán fixarse a principio de curso (dependerá dos recursos económicos), dentro do apartado subministracións e serán:
 - a) Cursos.
 - b) Aula de Música.
 - c) Aula de Inglés.
 - d) Aula de Educación Física.
 - e) Biblioteca.
 - f) Actividades Complementarias.
 - g) Existe unha dotación específica para E. Especial/Orientación e Biblioteca.

Crterios específicos para Educación Infantil:

Téñense en conta materiais e os recursos didácticos que están ao servizo da práctica educativa e permiten traballar as áreas curriculares establecidas no decreto.

É importante distinguir os conceptos de equipamento e de material didáctico.

O equipamento podemos entendela como o conxunto de materiais, equipo e información necesarios para desenvolver a aprendizaxe.

- Materiais funxibles: xiz, papeis, pinturas, etc.
- Utensilios para medir, contar unir, mesturar etc.
- Fontes de información: carteis, plantas.
- Recipientes para almacenamento.
- Instalacións para exposicións.

O material didáctico ou recursos didácticos son todas as ferramentas necesarias que utilizan tanto o alumnado como o profesorado no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

- Materiais sensoriais (telas, obxectos con distintas texturas...).
- Materiais da natureza (follas, froitos, pedras, plantas...).
- Materiais para o coñecemento do medio, materiais impresos, materiais audiovisuais e outros materiais informáticos (ordenador, fichas impresas, PDI...).
- Materiais de desenvolvemento psicomotor (pelotas, aros, espellos, bancos, cordas, panos...).
- Materiais de desenvolvemento da linguaxe musical (instrumentos musicais, altiveces...).
- Materiais de desenvolvemento da linguaxe matemática (bloques lóxicos, caixas, cordas, regretas, tán-grams, policubos, quebracabezas...).
- Materiais que fomentan o desenvolvemento da linguaxe verbal (contos, marionetas, letras móbiles...).
- Materiais de desenvolvemento de actividades artísticas e plásticas (pinceis, barro, instrumentos...).
- Materiais para o desenvolvemento do xogo simbólico (cociña, médicos, perruquería...).

Igualmente, emprégase mobiliario (cadeiras, mesas, estantes...) que serven para organizar o espazo da aula. E dótase dunha gran relevancia ao material de reciclaxe, que permite favorecer a creatividade e o pensamento diverxente.

A hora de seleccionar o material, teremos en conta a seguridade, a estética, a adecuación á idade e a non toxicidade.

OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO

Materias optativas

Elixiremos entre Relixión ou Proxecto Competencial. Cando se matriculan no centro elixirán a opción. De querer cambiar a opción farase ao remate dun curso, con vistas ao seguinte para ser efectivo. Avisarán na secretaría do centro para dito cambio. Non se poderá facer a metade de curso, nin co curso comezado.

Elección de lingua materna

Farase no momento en que cubren a matrícula.

7.OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Enténdese como actividade complementaria aquela que se realiza co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, ten carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utiliza. Todas cumprirán, como mínimo, un dos requisitos seguintes:

1. Vinculación a elementos transversais da etapa.
2. Relación cunha conmeración do centro establecida no calendario escolar.
3. Relación con contidos do currículo da área/materia involucrada.

Todas as actividades complementarias contarán cunha preparación antes e despois da mesma.

No mes de setembro, cada curso decidirá aquelas actividades (saídas, visitas, exposicións, charlas, concertos...) nas que queiran participar para poder desenvolver a súa programación e a posterior organización dentro da P.X.A. Si ao longo do curso chega algunha actividade que se considere de interese, engadirase nun anexo á P.X.A. e poderá realizarse. Sempre serán aprobadas en claustro e consello escolar, ademais de informar á Inspección Educativa.

Nas saídas didácticas **fóra do centro** se terá en conta:

- O mestre-titor antes (como mínimo tres días) da actividade, entregará as autorizacións os seus alumnos/as para que as devolvan asinadas antes da realización da saída.
- Ningún alumno/a realizará a saída didáctica sen autorización.
- O mestre-titor comunicará á Xefa de Estudos que alumnos/as non realizarán a saída.
- En cada saída irán acompañados por un mestre por curso como mínimo.
- Os titores participarán nas actividades complementarias e saídas nas que participe o seu grupo.
- Nas saídas fóra do Centro, é obrigatorio traer a autorización asinada polos pais. O que non a teña non poderá acudir á mesma.
- Nunca se admitirán autorizacións verbais ou telefónicas.
- O alumnado que non participa na actividade, ten dereito e obrigaón de acudir ao centro ese día.
- En Infantil se intentará que o número de mestres que participen nunha actividade complementaria sexa, alomenos, unha mais por cada grupo que participe, sempre que fose necesario.
- En Primaria sempre se procurará que vaia unha mestra máis, como mínimo.
- O profesorado de apoio será o que participe nas actividades complementarias acompañando aos titores, a decisión da Xefatura de Estudos. De non chegar, tamén poderían acudir os especialistas, respectando as necesidades do Centro e tamén a criterio da Xefatura de Estudos.

Nas actividades complementarias realizadas **dentro do centro** se terá en conta:

- ◆ Que non será necesario asinar autorización dos pais para acudir á mesma.
- ◆ O resto dos criterios seguen sendo os mesmos que figuran arriba.

A Dirección poderá non autorizar unha actividade nos seguintes casos:

- ◆ Non considerala segura ou que poida ter un risco para os alumnos.
- ◆ Por inclemencias do tempo que supoñan un risco.
- ◆ Por ter un custo esaxerado ou pouco asequible.
- ◆ Por non cumprir dereitos básicos como: tolerancia, igualdade, respecto ás diferencias...

Criterios para o deseño das actividades:

- As actividades que requiran uso de transporte escolar deberán ter unha autorización da familia que se enviará na semana previa a realización da mesma.
- Actividades con **custo a cargo do centro**. Serán as relacionadas cos programas ou proxectos nos que participe o centro e sempre que reciban aporte económico. Priorizaranse este tipo de actividades.
- Actividades con **custo a cargo das familias**. Aportarán unha cantidade procurando un equilibrio da mesma e sempre que non poidan ser gratuitas.
- Todos aqueles casos especiais que non permitan a asistencia dun alumno/a por non poder pagar a actividade, serán resoltos no claustro.
- Haberá un equipo de actividades complementarias encargado de deseñar as actividades, dirixido pola coordinadora. Será a responsable de redactar a memoria anual.
- As propostas de actividades as levarán aos equipos de ciclo e estes á Dirección. Despois serán aprobadas en Claustro e Consello Escolar.
- Segundo recolla a orde lexislativa correspondente, celebraranse a nivel de centro ou de aula as conmemoracións máis relevantes. En todas elas se fomentará o uso do galego.

8.REFORZO EDUCATIVO E APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA

CRITERIOS PARA ESTABLECER MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO:

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

ADAPTACIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Aplicaranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización dos procesos de avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado se promoverá o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

REFORZO EDUCATIVO E APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA:

1. O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

2. As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

3. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

4. Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe

individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro.

No anexo I figura un modelo dese informe.

O profesorado adaptará os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da área, da materia, do ámbito ou do módulo que imparta ás circunstancias do seu alumnado. Esta adaptación terá unha consideración especial no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario.

Igualmente, o profesorado informará cada alumna e alumno sobre o seu desempeño nas tarefas de avaliación, para aproveitar o potencial de aprendizaxe que ten comparando o producido polo alumnado co agardado ou demandado polo profesorado.

Prestarase atención ás propostas que, en relación coa avaliación, figuran nos plans, nos proxectos, nos programas, nas guías e nos protocolos elaborados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Cando un alumno/a promocióne con algunha área pendente, farase seguimento do recollido no Informe Individual de Reforzo Educativo trimestralmente, quedando constancia nas sesións de avaliación. Cando algunha das áreas non aprobadas se superen en cursos superiores, consideraranse recuperadas a todos os efectos.

9.OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria **permaneza un ano máis** no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Ver Anexo C

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do Plan Específico de Reforzo e realizaranse os axustes, se fose necesario. Ao final do curso, na mesma sesión da avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento ou aproveitamento.

Desenvolverase no marco da aula ordinaria e se porán en marcha mecanismos para que o alumno/a recupere os hábitos e coñecementos non adquiridos nas áreas nas que ten dificultades. Incidirase na consecución das competencias básicas, especialmente na capacidade de comprensión e expresión, na resolución de problemas, para sentar as bases da aprendizaxe posterior.

Obxectivos do Plan Específico de Reforzo:

- Recuperar os hábitos e coñecementos non adquiridos.
- Favorecer o rendemento e a aprendizaxe do alumnado.
- Desenvolver no alumnado hábitos de traballo, habilidades sociais e aprendizaxe de técnicas de estudo para lograr a competencia de aprender a aprender, como base para conseguir as outras competencias.
- Promocionar novas estratexias de organización no grupo e estimular a intervención na aula.

DURACIÓN E FASES DO PLAN:

9.1.Fase diagnóstica (mes de xuño)

- a) **Na última sesión de avaliación**, o equipo docente valorará e tomará decisión sobre que alumnado permanecerá un ano máis no mesmo curso, por presentar dificultades e problemas de aprendizaxe.
- b) Recollerase toda a información no **Informe de Avaliación Final** para facilitar o coñecemento das dificultades e problemas de aprendizaxe, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e obxectivos xerais, así como as propostas de mellora.
- c) A Orientadora proporcionará ao profesorado un **informe para o DO**.

9.2.Fase de inicio (mes de setembro outubro)

- a) Ao comezo do curso **se entregará a documentación** que está custodiada na Secretaría aos titores, cos informes do curso anterior.
- b) Nas primeiras semanas, o equipo docente realizará a avaliación inicial e fará as **pertinentes reunións en coordinación co DO** para planificar as actuacións necesarias e deseñar un plan individualizado para aplicar dentro da aula ordinaria.
- c) O profesorado que interven na aula, coordinado polo profesor tutor, iniciará a aplicación do Plan para cada alumno, en función das necesidades que presente.

9.3.Fase de seguimento (resto do curso)

- a) Teranse en conta:
 - Os **coñecementos previos**, para construír sobre o aprendido e adquirir habilidades máis complexas.
 - O consenso e a **unificación de criterios** entre o profesorado, para o cal é imprescindible a coordinación e o intercambio de información.
- b) Durante esta **fase de traballo diario** dentro da aula, levarase a cabo un seguimento do/da alumno/a para comprobar a efectividade das estratexias planificadas ou a recondución das mesmas.
- c) Nas sesión de avaliación valorarase o traballo desenvolto polo alumno nese trimestre. Así mesmo, nas reunións do DO se revisará a súa situación periódicamente.

9.4.Fase final ou avaliación (xuño)

Os indicadores de avaliación do alumno/a se construírán tendo en conta os seguintes aspectos:

- **Progreso nos resultados das avaliacións**: número de áreas con cualificación positiva, con respecto a avaliación do curso anterior.
- Progreso na avaliación en canto a **actitude**.
- **Autoestima e confianza en si mesmo**.

- **Relación do alumno/a co profesorado.**
- **Relación cos iguais.**

Tamén se levará a cabo a **valoración do propio Plan.**

9.5.Fase de revisión (primeiro trimestre do curso seguinte)

- a) Dende o DO farase o **seguimento do alumnado no curso seguinte.**
- b) No caso de 6º de Primaria se axuntarán os resultados das actuación do Plan ó Informe Individualizado da aprendizaxe para que no centro da ESO poida continuar a súa aprendizaxe sen dificultades.

Destinatarios

- **O alumnado** de E. Primaria que, escolarizado no centro, deba permanecer un curso máis en calquera ciclo ou etapa.
- **O profesorado** do centro, e sobre todo, os mestres titores/as que se farán cargo do Plan.

Organización

- O centro promoverá **compromisos educativos** entre as familias ou titores legais e o propio centro.
- As **programacións docentes nomearan o Plan** Específico de Reforzo e Recuperación do alumnado que non promociona de curso.
- **Fomentarse a coordinación** entre profesorado, equipo directivo, DO e familia.

Profesorado

O profesorado titor será o referente fundamental deste alumnado. Debe ser o mediador para facilitar a integración do alumnado no novo grupo. Levarase a cabo por parte do titor/a:

- Funcións de guía e orientación.
- Estimularán ao alumnado para que alcance polo seu propio esforzo os obxectivos marcados.
- Axudarán ao alumnado na organización do traballo e na adquisición de hábitos de estudo.
- Valorarán o seu esforzo e constancia.
- Desenvolverán o Plan fomentado no traballo de aula a manipulación, observación, experimentación e concreción verbal das actividades.
- Potenciará no alumnado as súas capacidades e a responsabilidade como para enfrontarse con éxito a diferentes situacións.

Poderanse establecer protocolos dentro da organización xeral do centro para contar co **profesorado con dispoñibilidade horaria** para realizar algún reforzo dentro da aula nas áreas instrumentais.

Na aula

→As actuacións do Plan estarán integradas na programación docente, implicando ao profesorado que entra na aula e tamén ao resto de axentes educativos.

→Farase especial fincapé nas actividades que permitan adquirir as **habilidades de lectura comprensiva, expresión escrita e oral, conceptos e operacións matemáticas básicas e resolución de problemas**, reforzando estes aspectos en todas as áreas.

→Traballarase na clase de modo organizado, realizando **actividades que condúzan á adquisición de hábitos de traballo e estudo**, incidindo no empeño de conseguir os propósitos e valorando o seu esforzo.

→Durante as áreas instrumentais, realizaranse **actividades programadas de consolidación dos coñecementos esenciais**, graduando a dificultade en función do grao de adquisición das competencias básicas.

Terase en conta a problemática habitual no alumnado con dificultades de aprendizaxe.

É importante ver que o alumno/a **anota as tarefas na axenda** e para isto contará coa supervisión do profesorado de área.

Traballo coas familias

Dende o centro, o profesorado titor debe incidir nas familias para que sexan conscientes do positivo que é a súa implicación nas tarefas escolares dos seus fillos. Polo tanto, a familia comprometerase a interesarse polo traballo escolar do alumno/a, a que asista continuamente ao centro con materiais necesarios, ao seguimento da axenda escolar e realización das tarefas propostas nela, as entrevistas periódicas co profesorado...

Entre os criterios para traballar a coordinación coa familia desde distintos aspectos, deberase incluír:

- a) Destacar **aspectos positivos** do alumnado.
- b) **Non culpabilizar.**
- c) **Consensuar metas. Establecer** estratexias para informar á familia dos obxectivos e tomar acordos para logralos.
- d) Dende as titorías, **coordinarse cos mestres de apoio** e terán seguimento exhaustivo e constante desde o inicio de curso. Convocarase as titorías coa posibilidade de que poida asistir algún membro do DO para analizar os avances e dificultades do alumnado e para valorar o seguimento do Plan.
- e) **Confianza e valoración mutuas** para potenciar a calidade nas comunicacións.
- f) Inculcar actitude positiva cara ás tarefas escolares e reforzalos positivamente.

Material de apoio. Recursos.

► Recursos persoais: Contarase, sempre que sexa posible, co profesorado con dispoñibilidade de horaria, para realizar reforzos, priorizando as instrumentais.

► Recursos materiais;

- Material de aula e xogos.
- Cadernos específicos e individuais de traballo, axenda...
- Biblioteca e espazos do centro.
- Equipos informáticos.
- Materiais da aula de PT e do DO.
- Outros.

O profesorado titor, coordinará co Mestre de apoio e o DO, para elixir os materiais máis oportunos e **programarán as actividades** para que o alumno poida acadar os obxectivos propostos.

Valoración do plan

Ao longo do mes de xuño realizarase a valoración do Plan e do progreso do alumnado, por parte do equipo docente. A valoración incluírase na Memoria Anual do Centro e na memoria de seguimento da Programación Didáctica. Terase en conta:

- **O funcionamento** do Plan Específico de Reforzo para alumnado repetidor.
- **Os resultados escolares** dos alumnos/as e a valoración do profesorado que intervéñen neste Plan, sobre o seu progreso, autoestima, integración social...

10.OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN

10.1.Referentes legais.

→ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación

e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

→Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

→Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

→Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

10.2.Avaliación inicial.

Durante o primeiro mes de cada curso escolar o profesorado realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe. Farase analizando o expediente do alumnado, observación do traballo diario, fichas, caderno de traballo, probas orais ou escritas se é o caso.

A finais de setembro celebraranse as sesións da avaliación inicial para comprobar o nivel nas competencias e a competencia curricular do alumnado. Os resultados reflectiranse no XADE antes de finalizar o primeiro trimestre.

Informarase ás familias dos resultados en reunións de tutoría ou vía telefónica ao longo do primeiro trimestre, priorizando os casos máis necesarios.

10.3.Aspectos xerais da avaliación

→Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, respectando as diferenzas individuais.

→Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal se establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

→Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

→A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

→No proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

A avaliación realizarase seguindo criterios obxectivos:

◆Facer públicos os procedementos e os criterios xerais de avaliación e promoción que a comisión de coordinación pedagóxica e o equipo docente establezan.

◆Cada equipo docente, ao comezo de cada do curso, informarán ao alumnado e ás súas respectivas familias sobre os obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación das diferentes áreas, incluídas as materias pendentes de cursos anteriores, e os procedementos de recuperación e de apoio previstos. Así mesmo, informarán dos criterios de promoción. A dirección do centro responsabilizarase de que a información sobre a avaliación e os seus procesos sexa accesible e se lle dea

publicidade de xeito manifesto para toda a comunidade educativa.

♦A persoa docente titora e o profesorado das distintas áreas, manterán unha comunicación fluída, no relativo ao proceso de aprendizaxe, co alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal.

- Reunións iniciais de grupo clase.
- Titorías semanais os martes de 17.30 a 18.30 h, presencialmente ou vía telefónica.
- Emprego da axenda.
- Emprego do e-mail.
- Abalar Móbil.
- Web do centro e blogues de aula.

10.4.Procedementos e instrumentos de avaliación.

Os procedementos empregados servirán para obter información cualitativa e cuantitativa do progreso do alumnado nas áreas e nas competencias. A avaliación será criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso. Para cualificar, atendendo aos criterios establecidos, empregaranse procedementos e instrumentos de avaliación, axustados as características individuais dos alumnos e alumnas con NEAE:

- ▶ Escalas de valoración
- ▶ Escala de observación individual
- ▶ Rexistro anecdótico persoal
- ▶ Rexistro do traballo diario
- ▶ Portfolios en soporte papel
- ▶ Probas competenciais orais ou escritas
- ▶ Emprego de rúbricas de avaliación

Para deseñar os instrumentos de avaliación e escoller os procedementos axeitados, serán segundo os criterios de avaliación recollidos para cada área a nivel no Decreto 155/2022 e deberán ser especificados nas Programacións Didácticas ao inicio do curso.

10.5.Sesións de avaliación.

→As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará o equipo docente do mesmo. Analizarase a información sobre as características xerais do grupo e sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos a compoñan.

O profesorado especialista en PT e AL, así como o profesorado que realice funcións de apoio, asistirá as sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación (intentarase coordinar co centro que itinere para que isto sexa posible) e co apoio do equipo directivo.

→En cada sesión, a avaliación de cada área ou ámbito é competencia do profesorado que a imparta.

→As decisións adoptadas polo equipo docente, que se acordarán de forma colexiada, irán referidas á promoción, á avaliación das competencias clave e a todo aquilo que incida no proceso educativo de cada alumna ou alumno, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

→A titora ou titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento de cada unha das sesións de avaliación, na cal se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumno/a, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das alumnas ou dos alumnos e da práctica docente e as propostas de mellora.

→En cada sesión de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

- Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Clima de traballo na aula.
- Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

→As conclusións da avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente poderán incluír propostas de mellora. Unha síntese desas conclusións formará parte da memoria final de cada un dos cursos.

→Os acordos dos equipos de avaliación serán tomados de maneira colexiada.

→Despois de cada sesión de avaliación, cada titor ou titora cubrirá as actas que serán asinadas polo profesorado, así como os demais documentos oficiais relativos ao seu grupo.

→As sesións de avaliación deberán celebrarse antes do Nadal no primeiro trimestre, antes de Semana Santa no segundo trimestre, se fose posible, e antes de finalizar o curso, no terceiro trimestre. Levaranse a cabo presencialmente no centro. **Ao inicio de curso a CCP aprobará o calendario de avaliacións que estará exposto no taboleiro da sala de profesorado.**

→Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

→A nota das cualificacións numéricas trimestrais serán as obtidas despois de realizar os cálculos das porcentaxes dos aspectos a cualificar, especificados nos criterios de cualificación de cada área. En caso de obter números decimais, a nota será redondeada ao número natural máis próximo.

→A nota numérica das cualificacións da avaliación ordinaria, será a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións, tendo en conta que a avaliación será gradual e continua. A ponderación por áreas e niveis queda reflectida nas seguintes táboas:

CRITERIOS DE PONDERACIÓN - AVALIACIÓN ORDINARIA PRIMARIA (en %)

NIVEL	MATEMÁTICAS			LINGUA CASTELÁ			LINGUA GALEGA			LINGUA ESTRANXEIRA			CIENCIAS SOCIAIS			CIENCIAS NATUREZA		
	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª
1º EP	33	33	34	30	30	40	30	30	40	30	30	40	33	33	34	33	33	34
2º EP	33	33	34	30	30	40	30	30	40	30	30	40	33	33	34	33	33	34
3º EP	33	33	34	30	30	40	30	30	40	30	30	40	33	33	34	33	33	34

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

4º EP	33	33	34	30	30	40	30	30	40	30	30	40	33	33	34	33	33	34
5º EP	33	33	34	30	30	40	30	30	40	30	30	40	33	33	34	33	33	34
6º EP	33	33	34	30	30	40	30	30	40	30	30	40	33	33	34	33	33	34

NI VE L	PROXECTO COMPETENCIAL			RELIXIÓN			EDUCACIÓN FÍSICA			EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL			MÚSICA E DANZA		
	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª	1ª	2ª	3ª
1º EP	33	33	34	30	30	40	33	33	34	30	30	40	30	30	40
2º EP	33	33	34	30	30	40	33	33	34	30	30	40	30	30	40
3º EP	30	30	40	30	30	40	33	33	34	30	30	40	30	30	40
4º EP	30	30	40	30	30	40	33	33	34	30	30	40	30	30	40
5º EP	30	30	40	30	30	40	33	33	34	30	30	40	30	30	40
6º EP	30	30	40	30	30	40	33	33	34	30	30	40	30	30	40

EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS (6º)	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
	30	30	40

→Os resultados da avaliación das competencias clave reflectiranse na acta de avaliación final de cada curso, expresándose nos termos de «Insuficiente (IN)», para as cualificacións negativas, e «Suficiente (SU)», «Ben (BE)», «Notable (NT)» ou «Sobresaliente (SB)», para as cualificacións positivas.

As actas reflectirán os resultados da avaliación nos termos establecidos anteriormente e expresarán, de ser o caso, as medidas de reforzo educativo (RE), programa de enriquecemento (PE) ou adaptación curricular (AC) que correspondan.

10.6. Información ás familias.

► A persoa titora deberá informar regularmente ás familias do seu alumnado en relación cos progresos e dificultades detectados no desenvolvemento das competencias establecidas na programación docente.

► Trimestralmente, informarase dos resultados das avaliacións por escrito **no boletín de información do Xade** e pola aplicación Abalar Móbil.

10.7. Criterios de cualificación.

Os criterios de cualificación para as diferentes áreas serán especificados polos docentes nas programacións didácticas. Como criterio xeral de centro, e para cada nivel e área son os reflectidos nas seguintes táboas.

PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: MATERIAS INSTRUMENTAIS E EXPERIMENTAIS

CICLO	NIVEL		PROBA ESCRITA	TÁBOA DE INDICADORES
1º ciclo	1º nivel	Naturais		100%
		Sociais		100%
		Lengua		100%
		Lingua		100%
		Matemáticas		100%
	2º nivel	Naturais		100%
		Sociais		100%
		Lengua		100%
		Lingua		100%
		Matemáticas		100%
2º ciclo	3º nivel	Naturais	60%	40%
		Sociais	60%	40%
		Lengua	60%	40%
		Lingua	60%	40%
		Matemáticas	60%	40%
	4º nivel	Naturais	60%	40%
		Sociais	60%	40%
		Lengua	60%	40%
		Lingua	60%	40%
		Matemáticas	60%	40%
3º ciclo	5º nivel	Naturais	60%	40%
		Sociais	60%	40%
		Lengua	60%	40%
		Lingua	60%	40%
		Matemáticas	60%	40%
	6º nivel	Naturais	60%	40%
		Sociais	60%	40%
		Lengua	60%	40%
		Lingua	60%	40%
		Matemáticas	60%	40%

PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: LINGUA ESTRANXEIRA

CICLO	NIVEL	PROBA ESCRITA	TÁBOA DE INDICADORES
-------	-------	---------------	----------------------

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

1º ciclo	1º nivel		100%
	2º nivel		100%
2º ciclo	3º nivel	60%	40%
	4º nivel	60%	40%
3º ciclo	5º nivel	60%	40%
	6º nivel	60%	40%

PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: EDUCACIÓN FÍSICA

CICLO	NIVEL	PROBA ESCRITA	TÁBOA DE INDICADORES
1º ciclo	1º nivel		100%
	2º nivel		100%
2º ciclo	3º nivel		100%
	4º nivel		100%
3º ciclo	5º nivel		100%
	6º nivel		100%

PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

CICLO	NIVEL	PROBA ESCRITA	TÁBOA DE INDICADORES
1º ciclo	1º nivel		100%
	2º nivel		100%
2º ciclo	3º nivel		100%
	4º nivel		100%
3º ciclo	5º nivel		100%
	6º nivel		100%

PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: MÚSICA E DANZA

CICLO	NIVEL	PROBA ESCRITA	TÁBOA DE INDICADORES
1º ciclo	1º nivel		100%
	2º nivel	20%	80%
2º ciclo	3º nivel	40%	60%
	4º nivel	40%	60%
3º ciclo	5º nivel	40%	60%
	6º nivel	40%	60%

PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: RELIXIÓN

CICLO	NIVEL	PROBA ESCRITA	TÁBOA DE INDICADORES
1º ciclo	1º nivel		100%
	2º nivel		100%
2º ciclo	3º nivel		100%
	4º nivel		100%
3º ciclo	5º nivel		100%
	6º nivel		100%

PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: PROXECTO COMPETENCIAL

CICLO	NIVEL	PROBA ESCRITA	TÁBOA DE INDICADORES
1º ciclo	1º nivel		100%
	2º nivel		100%
2º ciclo	3º nivel		100%
	4º nivel		100%
3º ciclo	5º nivel		100%
	6º nivel		100%

PORCENTAXES DE CUALIFICACIÓN: EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS

EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS (6º)	PROBA ESCRITA	TABOA DE INDICADORES
		100%

10.8.Criterios xerais para a promoción

1. Ao finalizar os 2º, 4º e 6º da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

A promoción no resto de cursos da etapa, 1º, 3º e 5º será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción **permanecerá un ano máis no mesmo curso.**

A permanencia no mesmo curso considerárase unha **medida de carácter excepcional** e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.

Remitirse ao apartado 8 deste documento.

5. Ao finalizar os cursos 2º e 4º da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, **cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.**

A elaboración do informe ao finalizar os cursos 2, 4º e final de etapa sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte, recollerán datos relevantes sobre aspectos persoais e académicos do alumnado de cara á promoción ao seguinte ciclo ou etapa, recollendo os seguintes puntos como figura no *Anexo b de informe final de ciclo/etapa sobre a evolución individual e o grao de adquisición das competencias que figura ao final deste documento*

Decisión dos criterios de promoción por áreas para os tres ciclos de Primaria:

Estableceranse tres grupos de áreas:

- Grupo A para designar as áreas de Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá.
- Grupo B para designar as áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Lingua Estranxeira.
- Grupo C para designar as áreas de Educación Plástica e Visual, Música e Danza, Educación Física, Relixión, Proxecto Competencial e Valores Cívicos e Sociais

O alumnado promocionará cando:

- Acada o desenvolvemento adecuado das competencias básicas, así como un axeitado grao de madurez consorte a súa idade, é dicir, cando é avaliado positivamente en todas as áreas de aprendizaxe.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nunha área.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nunha área do Grupo A máis outra do Grupo B ou C.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) en dúas áreas do Grupo B ou C.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nunha área do Grupo B e dúas do grupo C.
- Cando é avaliado con insuficiente (IN) nas tres áreas do grupo B.
- En situacións excepcionais, cando un alumno ou alumna (con NEAE) non acade o desenvolvemento adecuado das competencias, pero debido a circunstancias especiais se considera que debería promocionar ao curso ou etapa seguinte, poderá facelo sempre e cando se conte cun informe favorable do equipo de orientación e cun informe de cada mestre que imparte docencia nese grupo argumentando o seu posicionamento. A decisión final será a acordada polo 100% dos compoñentes da comisión de avaliación tras valorar estes informes.
- Na sesión de avaliación valoraranse, de ser o caso, as medidas extraordinarias que precise o alumnado para o seguinte curso cando teña materias suspensas na avaliación ordinaria (repetición ou recomendación de agrupamentos flexibles, adaptación curricular, apoio por parte de especialista de PT e/ou AL).

Competencias clave:

- Farase unha avaliación por Competencias tendo en conta a contribución de cada área para acadar

un grao aceptable das competencias. Estas cualificacións reflectiranse nas actas de avaliación final.

10.9.Criterios de outorgamento para mención honorífica.

Non se otorgan nesta etapa educativa.

10.10.Protocolo para solicitar copia de probas escritas polas familias

As familias, cando o soliciten ou sexan citados por un docente, poden acudir en horas de tutoría a revisar as probas escritas co profesorado da área correspondente.

Se algunha familia desexa solicitar copia dalgunha proba escrita, o profesorado debe informala do procedemento a seguir:

- ✓ Solicitud por escrito que se entregará en secretaría do centro para darlle rexistro de entrada.

Ver Anexo D de modelo solicitude de copia de probas escritas

- ✓ Tan pronto se reciba a solicitude, o profesorado correspondente, recibirá unha copia da mesma.
- ✓ Nos cinco días lectivos posteriores á data de recepción do escrito, o docente preparará as copias correspondentes nun sobre que se entregarán á familia, con rexistro de saída, na secretaría do centro. No momento da entrega, asinarán o recibí, figurando nome, apelidos e DNI da persoa receptora (solicitante ou persoa autorizada pola mesma).

Ver Anexo D de modelo de entrega de copia de probas escritas

As familias serán avisadas previamente vía telefónica ou calquera outro medio acordado para pasar a recoller o solicitado.

Criterios xerais para a avaliación en Educación Infantil:

A avaliación considérase como unha práctica permanente do profesorado dirixida a obter datos relevantes, que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensinanza- aprendizaxe.

Na etapa de educación infantil a avaliación será global, continua, formativa e individualizada.

Non soamente avaliamos o proceso de aprendizaxe, se non tódolos elementos que compoñen o devandito proceso; o clima escolar, a organización das aulas, a interacción entre o alumnado, alumnado e docentes e a adecuación á proposta pedagóxica. Igualmente, tamén se avaliará a práctica docente, para introducir os cambios pertinentes en función dos resultados obtidos.

A técnica principal do proceso de avaliación nesta etapa será a observación directa e sistemática, feita de xeito continuado ao longo de todo o proceso. Con isto pretendemos valorar os progresos e as dificultades de cada neno/a e poder propoñer, de ser preciso, actividades de reforzo ou ampliación axeitadas.

Para facer a recollida de datos servímonos de diferentes instrumentos de avaliación:

- A observación de comportamentos: actitudes, destrezas e procedementos dentro da aula e noutros momentos escolares; nos xogos do patio, nos momentos de acollida (chegada ao colexio) e recollida (saída).
- Entrevistas ás familias. Faremos mínimo dúas por curso. As impresións enunciadas sobre o comportamento do neno na casa pola familia serán incluídas como elemento avaliador dos obxectivos.
- A análise da información proporcionada polos outros membros do equipo docente nas xuntanzas de ciclo e nas reunións de avaliación.
- Diálogos e cuestionarios orais ou escritos referidos a cuestións puntuais feitas ao longo do curso.

- Análise das actividades psico e grafomotrices e as expresións plásticas, dramáticas, musicais, orais e escritas durante todo o curso e a participación que o alumnado foi tendo en cada unha delas tomando como referencia os criterios de avaliación para cada trimestre.

A avaliación nesta etapa está orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos tómanse como referencia os criterios de avaliación de cada área.

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

ÁREA: Comunicación e Representación da Realidade		CURSO: INFANTIL								
OBX.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	4º EI			5º EI			6º EI		
		1º trim	2º trim	3º trim	1º trim	2º trim	3º trim	1º trim	2º trim	3º trim
Bloque 1. Intención e interacción comunicativa										
OBX.1	CA1.1. Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	x	x	x	x	x	x	x	x	x
CONTIDOS										
	<ul style="list-style-type: none"> Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. 									
Bloque 2. As linguas e os seus falantes										
OBX.1	CA2.1. Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfis lingüísticos	x	x	x	x	x	x	x	x	x
OBX.5	CA2.3. Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	x	x	x	x	x	x	x	x	x
CONTIDOS										

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

<ul style="list-style-type: none"> • Ampliación do repertorio lingüístico individual. • Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. • A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. • Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. • Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. • Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. • Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. • Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. 										
Bloque 3. Comunicación verbal oral. Comprensión-expresión-diálogo										
OBX.1	CA3.1. Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	x	x	x						
OBX.2	CA3.2. Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	x	x	x	x	x	x	x	x	x
OBX.3	CA3.6. Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.				x	x	x	x	x	x
CONTIDOS										
<ul style="list-style-type: none"> • Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. • Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. • escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. • Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. • Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. • Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. • Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. 										
Bloque 4. Aproximación á linguaxe escrita										
OBX.4	CA4.1. Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	x	x	x	x	x	x	x	x	x

CONTIDOS										
<ul style="list-style-type: none"> • Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión. • Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. • Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. • Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. • Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números... • Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. • Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. • Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. • Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. • Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia. • Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas 										
Bloque 5. Aproximación á educación literaria										
OBX.4	CA5.2. Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	X	X	X	X	X	X	X	X	X
OBX.5	CA5.3. Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.				X	X	X	X	X	X
CONTIDOS										
<ul style="list-style-type: none"> • Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuizos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional e/ou étnico-cultural. • Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. • Memorización e recitado de textos literarios. • Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. • Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuizos e estereotipos sexistas. • A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. 										

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

<ul style="list-style-type: none"> • Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. • Situacións de lectura. Vínculos afectivos e lúdicos a través de modelos lectores de referencia. 										
Bloque 6. Linguaxe e expresión musical										
OBX.1	CA6.1. Percibir, identificar e discriminar sons	x	x	x	x	x	x	x	x	x
OBX.3	CA6.2. Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	x	x	x	x	x	x	x	x	x
CONTIDOS										
<ul style="list-style-type: none"> • Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. • Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. • Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. • Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. • Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. • O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. • Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. • Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. • Respecto polas producións alleas. • Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. 										
Bloque 7. Linguaxe e expresión plástica e visual										
OBX.3	CA7.2. Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	x	x	x	x	x	x	x	x	x
OBX.5	CA7.3. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. CA7.4. Expresar gustos, preferencias	x	x	x	x	x	x	x	x	x
CONTIDOS										
<ul style="list-style-type: none"> • Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. • Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. • Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas. • Respecto cara ás producións alleas. • Planificación da acción en producións plásticas. 										

<ul style="list-style-type: none"> Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. 											
Bloque 8. Linguaxe e expresión corporal											
OBX.3	CA8.1. Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	x	x	x	x	x	x	x	x	x	
CONTIDOS											
<ul style="list-style-type: none"> Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos...) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. Uso do baile e da danza como medios de expresión. Respecto cara ás producións alleas. Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo. 											
Bloque 9. Alfabetización dixital											
OBX.1	CA9.1. <u>Interactuar</u> de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.								x	x	x
CONTIDOS											
<ul style="list-style-type: none"> Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais. Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos. Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais. Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna. 											

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

ÁREA: Crecemento en Harmonía		CURSO: INFANTIL								
OBX.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	4º EI			5º EI			6º EI		
		1º trim	2º trim	3º trim	1º trim	2º trim	3º trim	1º trim	2º trim	3º trim
Bloque 1. O corpo e o control progresivo deste										
OBX.1	CA1.1. Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento.	x	x	x	x	x	x			
OBX.1	CA1.2. Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado <u>madurativo</u> , chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal.							x	x	x
OBX.1	CA1.5. Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz.				x	x	x	x	x	x
OBX.1	CA1.6. Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.							x	x	x
OBX.1	CA1.8. Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.				x	x	x	x	x	x
CONTIDOS										
	<ul style="list-style-type: none"> Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. <u>Autoimaxe</u> positiva e axustada ante os demais. 									

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

<ul style="list-style-type: none"> • Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. • Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. • Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. • Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. • Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos –control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos– co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. • Participación no xogo como actividade prazenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. • Avance e control progresivo da motricidade fina. • Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. 										
Bloque 2. Equilibrio emocional e desenvolvemento da afectividade										
OBX.1	CA2.3. Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	X	X	X						
OBX.2	CA2.4. Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.				X	X	X	X	X	X
OBX.2	CA2.6. Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	X	X	X						
CONTIDOS										
<ul style="list-style-type: none"> • Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. • Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. • Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. • Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. • O xogo como ferramenta de exploración persoal. • Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. 										

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

	<ul style="list-style-type: none"> • Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. • Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. • Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. 									
Bloque 3. Hábitos de vida saudable para o autocoidado e o coidado da contorna										
OBX.3	CA3.6. Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X
CONTIDOS										
	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. • Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. • Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. • Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. • Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. • Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. • Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade. • Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc. 									
Bloque 4. Interacción socioemocional na contorna. A vida coas demais persoas.										
OBX.4	CA4.3. Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.							X	X	X
CONTIDOS										

<ul style="list-style-type: none"> • Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. • A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. • Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. • Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. • Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais. • A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz. • Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá. • Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas. • Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. • Estereotipos e prexuízos. • Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. • Asentamentos e actividades da contorna. 									
---	--	--	--	--	--	--	--	--	--

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

ÁREA: Descubrimiento e Exploración da Contorna.		CURSO: INFANTIL								
OBX.	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	4º EI			5º EI			6º EI		
		1º trim	2º trim	3º trim	1º trim	2º trim	3º trim	1º trim	2º trim	3º trim
Bloque 1. Diálogo corporal coa contorna. Exploración creativa de obxectos, materiais e espazos										
OBX.1	CA1.1. Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	X	X	X	X	X	X			
OBX.1	CA1.2. Empregar os <u>cuantificadores</u> básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	X	X	X	X	X	X	X	X	X
OBX.1	CA1.3. Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.				X	X	X	X	X	X
OBX.1	CA1.8. Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	X	X	X	X	X	X	X	X	X
CONTIDOS										
<ul style="list-style-type: none"> • Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. • Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. • Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. • Emprego de <u>cuantificadores</u> básicos contextualizados. • Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións en que se fai necesario medir. • Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. • Identificación das nocións topográficas básicas no plano. 										

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

	<ul style="list-style-type: none"> Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... 									
Bloque 2. Experimentación na contorna. Curiosidade, pensamento científico e creatividade										
OBX.1	CA2.1. Identificar as situacións cotiás en que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.							X	X	X
OBX.2	CA2.8. Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.							X	X	X
CONTIDOS										
	<ul style="list-style-type: none"> Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. Habilidades do pensamento computacional. Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. 									
Bloque 3. Indagación no medio físico e natural. Coidado, valoración e respecto										
OBX.3	CA3.1. Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	X	X	X	X	X	X	X	X	X
CONTIDOS										

CONCRECIÓN CURRICULAR APROBADA O 28 DE MAIO DO 2024

	<ul style="list-style-type: none"> • Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). • Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. • Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sustentables. • Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. • Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. • Os seres vivos e as súas características. • A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respetto dos seus dereitos. • Respetto e protección do medio natural. Respetto polo patrimonio cultural presente no medio físico. 									
<p>Bloque 4. Descubrimiento e participación na contorna social. Relacións, servizos e actividades culturais</p>										
OBX.4	<ul style="list-style-type: none"> • CA4.2. Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna. 	x	x	x	x	x	x	x	x	x
<p>CONTIDOS</p>										
	<ul style="list-style-type: none"> • A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. • Relacións de parentesco. • A escola. • O barrio e o concello: servizos, características e funcións. • Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. • Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. • Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. • Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega. 									

Decisión dos criterios de promoción para Educación Infantil:

No noso centro establécense os seguintes criterios de promoción para pasar á educación primaria:

- Ter autonomía nos seus desprazamentos cotiás.
- Ter control dos hábitos persoais e de saúde básicos: control de esfínteres, alimentación, valoración do risco...
- Aceptar as normas de comportamento establecidas na escola.
- Ser quen de observar e explorar de xeito activo o seu contorno.
- Relacionarse coas persoas do seu entorno escolar (compañeiros e mestras)
- Ser quen de relacionarse e expresarse de xeito comprensivo a través dalgunha das linguaxes (oral, plástica, corporal...).
- Conseguir expresar a realidade, dun xeito básico, a través da representación.

Terase en conta, de xeito primordial, á hora de flexibilizar en infantil a súa integración no grupo e a aceptación deste cara o neno/a.

Estes serán os criterios xerais para o alumnado. En caso de necesidades educativas diagnosticadas trataríase cada caso de xeito individual tendo en conta a opinión da orientadora, a especialista de audición e linguaxe e a de pedagogía terapéutica, así como do profesorado constituínte do equipo de ciclo de infantil.

PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS:

► Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros deberán facer públicos os procedementos e os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación que a comisión de coordinación pedagóxica e o equipo docente establezan, respectivamente, na proposta curricular e nas programacións didácticas.

► A persoa docente titora e o profesorado das distintas áreas e materias manterán unha comunicación fluída, no relativo ao proceso de aprendizaxe, co alumnado, os seus proxenitores ou persoa que desempeñe a representación legal.

► As persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar aclaracións ao profesorado e á persoa docente titora acerca das informacións que sobre o seu proceso de aprendizaxe reciban, e facilitarlles información sobre os procedementos de revisión de cualificacións e de decisións sobre a promoción e a titulación. Para tal efecto haberá reunións presenciais de titoría, de non ser posible levaranse a cabo telefonicamente, correo electrónico ou videoconferencia.

► As persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar, á persoa docente titora cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. En todo caso, a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais. As reclamacións presentaranse formalmente no centro con rexistro de entrada, empregando os *modelos do centro que se achegan como anexos a este documento.*

CALENDARIO DE RECLAMACIÓNS

Trámites e actuacións		Prazo
Presentación	Reclamación formal ante a Xefatura de estudos.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde o día seguinte á comunicación
Resolución no centro	Decisión de modificación ou ratificación da cualificación final (Informe do equipo docente)	Primeiro día lectivo seguinte , ou se fose o caso hábil, a aquel en que finalice o período de solicitude de revisión
	Reunión extraordinaria para revisar o proceso de adopción da decisión de promoción ou titulación á vista das alegacións realizadas.	Dous días lectivos ou, se é o caso, hábiles desde a finalización do período de solicitude de revisión
	Comunicación da decisión ao alumnado reclamante, e á persoa docente titora	Día lectivo , ou se fose o caso, hábil, seguinte
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión
Reclamación ante a Xefatura Territorial	Reclamación ante a Xefatura Territorial no caso de que persista o desacordo	Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada
	Anotación nas actas de avaliación, e no seu caso, no expediente e no historial académico, da oportuna dilixencia (secretaría do centro) no caso de modificación dalgunha cualificación final	Tras o proceso de revisión

► No proceso de revisión da cualificación final obtida nunha área ou materia os membros do equipo docente ou do departamento didáctico contrastarán as actuacións seguidas no proceso de avaliación do alumno e alumna co establecido na programación didáctica, con especial referencia aos seguintes aspectos, que deberán recollerse no informe:

- ✓ Adecuación dos contidos e criterios de avaliación sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna cos recollidos na correspondente programación didáctica.
- ✓ Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
- ✓ Correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área, materia ou ámbito.
- ✓ A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

► As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.

► **Procedemento de reclamación ante as Xefaturas Territoriais**

Despois de presentar no centro a reclamación, o Servizo de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do equipo docente ou departamento didáctico respectivo e da proposta curricular, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos criterios anteriormente citados a) b) c) e o d) Cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

O Servizo de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas áreas, materias ou ámbitos a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo de Inspección Educativa, a Xefatura Territorial adoptará a resolución pertinente, que será motivada en todo caso, e que se comunicará inmediatamente á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e que será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da Xefatura Territorial poñerá fin á vía administrativa.

11.DECISIONS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Cada docente elaborará ao inicio de curso, respectando os prazos establecidos, as programacións didácticas das áreas que imparte.

A súa elaboración seguirá a lexislación vixente, as decisións do Documento de Concreción Curricular e as instrucións da Inspección educativa.

Cada docente recibirá as programacións do curso anterior, o Documento de Concreción Curricular, os puntos que debe recoller a programación e como se van avaliar as propias programacións.

O profesorado enviará as programacións no prazo establecido polo equipo directivo para a súa supervisión e posterior envío á Inspección educativa e se axustará ao establecido para a súa execución e prazos mediante a aplicación PROENS.

Para avaliar o proceso de ensino, a práctica docente o a propia programación didáctica o centro establece unha serie de indicadores e mecanismos que faciliten o seguimento e adecuación do proceso educativo, *recollidos no Anexo E*.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN
Concepción da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ●Será un proceso sistemático e integrado na vida do centro ●Será un proceso continuo ●Servirá para detectar problemas e dificultades. ●A finalidade desta avaliación será tomar as decisións oportunas coa suficiente axilidade, e así reorientar o plan de traballo

Que avaliamos?	<ul style="list-style-type: none"> ● A programación didáctica: Se a análise da situación inicial é a acertada, se os obxectivos fixados son realistas e oportunos e si o seguimento avaliativo é o desexable. ● A posta en práctica: <ul style="list-style-type: none"> ▪ o plan de actuación deseñado é eficaz. ▪ outras actuacións non incluídas inicialmente. ▪ ás persoas que desenvolven a planificación. ▪ os recursos dispoñibles. ▪ as relacións coas institucións do entorno. ▪ o grado de consecución dos obxectivos.
Quen avalía?	<ul style="list-style-type: none"> ● O equipo directivo ● O profesorado implicado ● Os equipos de nivel ● A comisión pedagóxica ● O claustro
Como avaliamos?	<ul style="list-style-type: none"> ● O equipo directivo elaborará informes específicos de avaliación, poñendo de manifesto os logros e as dificultades. ● Confeccionaranse instrumentos específicos para recoller información periodicamente onde se poderán “apuntar” problemas, dificultades... ● Reunión conxuntas dos equipos de nivel. ● Reunión da CCP. ● Avaliación externa por parte da inspección educativa.
Cando avaliamos?	<ul style="list-style-type: none"> ● Inicialmente: trátase de coñecer o punto de partida. ● No momento da posta en práctica da programación ● En sesións trimestrais. ● En sesións extraordinarias específicas: anualmente ● Ao final do curso.
Que facemos coas conclusións?	<ul style="list-style-type: none"> ● Serven de base para facer unha planificación axustada ás necesidades da realidade existente. ● Permítenos reaxustar a programación.

Coa finalidade de comprobar a validez, adaptación ao currículo e necesidades do alumnado determínanse os seguintes procedementos para a súa avaliación propiciando información para a súa mellora.

- **Reunións de nivel** nas que se valorará a evolución do proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado e o desenvolvemento da práctica docente permitindo avaliar se a programación se adecúa ás necesidades do alumnado formulando propostas de mellora para adaptala ás necesidades e evolución reais do alumnado.
- **Sesións de avaliación** onde se poñen de manifesto os progresos de cada alumno e alumna e onde todo o equipo docente e o departamento de orientación, á vista dos resultados académicos e das valoracións dos titores e especialistas, poderá establecer pautas para a mellora da programación das unidades didácticas, a metodoloxía empregada e as medidas de atención á diversidade.
- **A memoria do nivel** será un instrumento moi útil de cara á reflexión final que servirá como punto de partida para a elaboración da programación do curso seguinte.

- Ademais dos puntos antes enumerados, **ao final de cada trimestre ou a final de curso, realizarase nunha xuntanza de nivel unha avaliación seguindo o seguinte o recollido no Anexo F**

12.CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.

A actual da liña do centro é participar nun Proxecto Documental Integrado (PDI) para traballar en todos os niveis.

Tentarase participar en Proxectos e Programas de innovación, de éxito escolar que a Administración educativa convoque e que están nas liñas de traballo da lexislación vixente (desenvolvemento das competencias, educación sostible, educación para a saúde, desenvolvemento da Competencia Dixital, atención á diversidade). Estes Programas, ademáis, aportan un presuposto en beneficio do centro para, levar a cabo diversas actividades globalizadoras, integradoras, colaborativas, inclusivas e que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.

Na actualidade o centro está acollido aos seguintes programas e outros que no futuro entran dentro da nosa prioridade.

- Plan Mellora Bibliotecas Escolares (PLAMBE).
- Polos Creativos
- Contratos Programa
- Plan Director.
- Proxecto de Fomento do Uso do Galego.
- Voz Natura.
- Plan Proxecta

Para adherirse a novos programas, plans e actuacións, deberán respectarse os seguintes criterios:

- Cumprir cos requisitos esixidos pola convocatoria correspondente en materia de recursos, destinatarios, obrigas e actuacións á desenvolver.
- Ter informado ao claustro da proposta de participación, recollendo a súa valoración. En caso de que o profesorado desexe participar nalgunha actuación concreta, deberá comunicalo ao Equipo Directivo e posteriormente ao Claustro para a posible adhesión de outro profesorado ou axentes.
- Dar prioridade ás actuacións que promovan a inclusión, o benestar emocional e social e todas aquelas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
- Dar prioridade ás actuacións que permitan neutralizar as desigualdades persoais, sociais e culturais do alumnado, actuando a escola como compensadora das mesmas.

Promover a participación en todas aquelas actuacións que promovan a innovación e investigación educativa

13.PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.

O DCC non é un documento ríxido e pechado senón que estará aberto en todo momento e permitirá incluír no mesmo todos aqueles cambios que sexan precisos. É un documento avaliable e revisable, segundo se reflexa na seguinte táboa.

AVALIACIÓN DO DCC	
Concepción da avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ●Será un proceso sistemático e integrado na vida do centro ●Será un proceso continuo ●Servirá para detectar problemas e dificultades. ●A finalidade desta avaliación será tomar as decisións oportunas coa suficiente axilidade, e así reorientar o dc
Que avaliamos?	<ul style="list-style-type: none"> ●O DCC: <ul style="list-style-type: none"> Se a análise da situación inicial é a acertada. Se os obxectivos fixados son realistas e oportunos. Se o seguimento avaliativo é o desexable. ●A posta en práctica: <ul style="list-style-type: none"> ▪o plan de actuación deseñado é eficaz. ▪outras actuacións non incluídas inicialmente. ▪ás persoas que desenvolven a planificación. ▪os recursos dispoñibles. ▪as relacións coas institucións do entorno. ▪o grado de consecución dos obxectivos. ▪se as decisións recollidas no documento son acertadas ou é preciso modificalas.

Quen avalía?	<ul style="list-style-type: none"> ▪ O equipo directivo ▪ O profesorado implicado ▪ Os equipos de nivel ▪ A comisión pedagóxica ▪ O claustro
Como avaliamos?	<ul style="list-style-type: none"> ●O equipo directivo elaborará informes específicos de avaliación, poñendo de manifesto os logros e as dificultades. ●Confeccionaranse instrumentos específicos para recoller información periodicamente onde se poderán “apuntar” problemas, dificultades... ●Reunión conxuntas dos equipos de nivel ●Reunión da comisión pedagóxica ●Avaliación externa por parte da inspección educativa.
Cando avaliamos?	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Inicialmente: trátase de coñecer o punto de partida do DCC ▪ No momento da posta en práctica nas programacións e práctica docente ▪ En sesións trimestrais. ▪ En sesións extraordinarias específicas: anualmente ▪ Ao final do curso.
Que facemos coas conclusións?	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Serven de base para facer unha planificación axustada ás necesidades da realidade existente. ▪ Permítenos reaxustar o documento: Determinan obxectivamente, cualitativamente e cuantitativamente os progresos e logros.

NOTA: Esta concreción entra en vigor o 1 de setembro do 2024

ANEXOS



